

ENQUISA Ó ALUMNADO DO GRAO (CURSO 2017/18)

A área de calidade da Facultade de Química da USC ten como obxectivo fundamental a mellora continua da ensinanza ofertada no Centro, para o cal considera imprescindible solicitar a opinión de tódolos colectivos implicados.


En concreto, a visión dos alumnos, que coñecen de primeira man as fortalezas e debilidades do sistema, é de gran valor porque permite detectar deficiencias e tomar medidas para minimizalas.

Con este fin, realizouse unha enquisa ós alumnos do Grao en Química (dos catro cursos) entre os días 25 de xuño e 4 de xullo de 2018. Na enquisa preguntábase sobre aspectos específicos da Facultade e da titulación, que cremos non tiñan sido cubertos polas enquisas oficiais da USC.

A participación foi bastante aceptable (62 alumnos sobre un censo de 370, o que significa un 16,7% de respostas), sendo os alumnos de último curso os máis participativos (22 alumnos dun censo de 80: 27,5% de respostas) e, como discute a continuación, tamén os máis críticos.


A continuación se mostran as preguntas realizadas e unhas breves conclusións extraídas das respostas obtidas:

1. Cal é a túa opinión, en xeral, sobre as instalacións da Facultade?



Os alumnos dos primeiros cursos son máis benévolos coas instalacións, e así o 75% en primeiro e o 87,5% en segundo consideran que son boas/aceptables. Nos cursos superiores son máis críticos, e aínda que as seguen considerando maioritariamente boas/aceptables, as porcentaxes caen (56,25% e 59,1% en terceiro e cuarto curso, respectivamente).

2. Onde cres que están as maiores carencias nas infraestruturas?




De novo reflíctense diferentes perspectivas entre as respostas dos alumnos dos primeiros cursos e os dos cursos máis avanzados. Así, en primeiro e segundo consideran que as maiores carencias están nas aulas, das que din son incómodas e vellas (56,25% e 37,5% en primeiro e segundo, respectivamente).

Nos cursos superiores aumenta o descontento cos laboratorios, igualándose nas carencias coas aulas (37,5% e 40,91% en terceiro e cuarto, respectivamente).


No apartado de “Outro”, os alumnos destacan deficiencias tamén en: ascensores, biblioteca (“parece do século pasado”), cafetería (debería ofertar comidas), escaseza de mesas nos corredores (debería haber en tódolos pisos, non só no terceiro andar), algúns laboratorios concretos (Q. Inorgánica e Analítica), etc.

3. Consideras axeitado o número de alumnos por grupo nas prácticas?



En primeiro curso consideran que o número de alumnos por grupo de prácticas é acceptable nunha porcentaxe moi elevada (68,75%). Pero a partir do segundo curso aumenta o descontento e consideran maioritariamente que o número de alumnos en prácticas é elevado/excesivamente elevado (62,5%, 93,75% e 90,9% en 2º, 3º e 4º cursos, respectivamente).


4. Encontras o actual curso máis difícil que o anterior?



En xeral, o alumno considera sempre que o curso actual é máis difícil que o curso anterior, aínda que hai algunhas conclusións curiosas:

- . unha elevada porcentaxe de alumnos de primeiro curso consideran que primeiro é mais fácil có ano anterior (35,71%); é dicir, para máis dun terzo do alumnado o primeiro ano da carreira resulta máis fácil có Bacharelato.
- . o segundo curso é o ano máis difícil para un 87,5% dos alumnos (as materias son moi difíciles).
- . en terceiro e cuarto curso, consideran que a maior dificultade vén dada pola elevada carga de traballo e non tanto pola dificultade intrínseca das materias.

5. Os resultados académicos que obtés, cres que se corresponden co esforzo que realizas?



En xeral, os alumnos consideran que as notas se corresponden co esforzo realizado (50%, 43,75% e 42,86% en primeiro, terceiro e cuarto curso, respectivamente).

Curiosamente, un 12,5 % dos alumnos de primeiro pensa que as notas son mellores das esperadas.

A excepción volve ser segundo, onde un 62,5% dos alumnos considera que as notas son máis baixas do que correspondería ó esforzo realizado.

Estes datos confirman que primeiro é un curso doado mentres que segundo é o curso máis difícil para os alumnos.

6. Cres que existen suficientes mecanismos para que os alumnos podan manifestar a súa opinión sobre o desenvolvemento do Grao?







En xeral, pensan que non hai mecanismos de participación.

Quéixanse de que facer unha enquisa a fin de curso non é suficiente.

Outros pensan que non paga a pena participar nas enquisas porque non se fai caso das súas demandas.


7. Estás, en xeral, contento/a de ter elixido cursar Química na USC?




Unha porcentaxe moi elevada está contenta de cursar Química na USC (93%, 87,5% e 68,1% en primeiro, segundo e cuarto curso, respectivamente).

Os máis descontentos son os de terceiro curso (só un 56,25% está contento).

Nunha pregunta feita só os alumnos de 4º curso, o 86,36% está contento coa **especialidade** que escolleu.



8. Aconsellarias a un amigo/a que se matriculase do Grao en Química na USC?



En primeiro, segundo e terceiro un 62,5% recomendaría a un amigo facer Química na USC.

É curioso que, a pesar de que segundo é o ano máis difícil e onde se queixan máis das notas, resulta ser o ano onde os alumnos están máis contentos de ter elixido Química na USC e onde unha maior porcentaxe recomendaría a un amigo facer Química na USC.

En cuarto son os máis críticos de novo e só un 52,38% recomendaría a un amigo facer Química na USC.

9. Por favor, indícanos o máis positivo e o máis negativo da túa experiencia no Grao

Hai bastante homoxeneidade á hora de subliñar puntos fortes e débiles do Grao.

Positivo: profesores, compañeiros, prácticas de laboratorio, CIQUS...

Negativo: quéixanse moito dos horarios de clases e dos calendarios de prácticas; en xeral, pensan que hai excesiva carga teórica e pouca práctica; que hai pouca docencia en galego; que o segundo semestre de segundo curso está excesivamente cargado (queixas da QF-II); e pensan que é case imposible acabar a carreira en catro anos.

Santiago de Compostela, 6 de Xullo de 2018

Asinado: Susana López Estévez
Coordinadora Calidade da Facultade de Química

ANEXO. Táboa resume de respostas.

PREGUNTAS	PRIMEIRO CURSO 16 respostas	SEGUNDO CURSO 8 respostas	TERCEIRO CURSO 16 respostas	CUARTO CURSO 22 respostas
Pregunta 1: ¿Cal é a túa opinión, en xeral, sobre as instalacións da Facultade?	Boal/aceptable: 75% Malal/moi mala: 25% Outro: 0%	Boal/aceptable: 87,5% Malal/moi mala: 0% Outro (penosa): 12,5 %	Boal/aceptable: 56,25% Malal/moi mala: 37,5% Outro (necesita reformas estruturais): 6,25 %	Boal/aceptable: 59,1 % Malal/moi mala: 27,27 % Outro (bonita por fora, mal por dentro): 13,64%
Pregunta 2: ¿Orde crés que están as maiores carencias nas infraestruturas?	Aulas: 56,25% Laboratorios: 18,75% Biblioteca: 6,25% Zoas comúns: 12,5 Outros (aulas e lab): 6,25% Elevado/moi elevado: 31,25% Aceptable: 68,75%	Aulas: 37,5% Laboratorios: 12,5% Biblioteca: 12,5% Zoas comúns: 25% Outros (todo): 12,5 %	Aulas: 37,5% Laboratorios: 37,5% Biblioteca: 0% Zoas comúns: 6,25% Outros (ascensor, Lab QI -QA): 18,75%	Aulas: 40,91% Laboratorios: 40,91% Biblioteca: 0% Zoas comúns: 13,64% Outros (todo): 4,55%
Pregunta 3: ¿É axeitado o nº de alumnos por grupo de prácticas?	Elevado/moi elevado: 31,25% Aceptable: 68,75%	Elevado/moi elevado: 62,5% Aceptable: 37,5%	Elevado/moi elevado: 93,75% Aceptable: 6,25%	Elevado/moi elevado: 90,9% Aceptable: 9,1%
Pregunta 4: ¿Encontras o actual curso máis difícil que o anterior?	Si: 57,14 % (asignaturas máis difíciles: 28,57%; máis carga de traballo: 28,57%) Non, similar: 7,1 % Non, máis doado: 35,71%	Si: 87,5% (asignaturas máis difíciles: 62,5%; máis carga de traballo: 25%) Non, similar: 12,5% Non, máis doado: 0%	Si: 56,25% (asignaturas máis difíciles: 18,75%; máis carga de traballo: 37,5%) Non, similar: 43,75% Non, máis doado: 0%	Si: 63,63% (asignaturas máis difíciles: 18,18%; máis carga de traballo: 45,45%) Non, similar: 27,27% Non, máis doado: 9,09%
Pregunta 5: Os resultados académicos que obtés, ¿se corresponden co esforzo realizado?	Si: 50% Non: 50% (notas máis baixas: 37,5%; notas mellores: 12,5%)	Si: 37,5% Non: 62,5% (notas máis baixas)	Si: 43,75% Non: 56,25% (notas máis baixas)	Si: 42,86% Non: 57,14% (notas máis baixas)
Pregunta 6: ¿Existen suficientes mecanismos para que os alumnos podan manifestar a súa opinión sobre o desenvolvemento do Grao?	Si: 35,71% Non: 64,29% Outro: 0%	Si: 37,5% Non: 50% Outro (non): 12,5 %	Si: 0% Non: 87,5% Outro (descoñecen, non serve para nada protestar): 12,5%	Si: 36,36% Non: 54,55% Outro (descoñecen): 9,09%
Pregunta 7: ¿Estás, en xeral, contento/a de ter elixido cursar Química na USC?	Si: 75% Non: 12,5% Outro (entrou de rebote, pero si): 18,75%	Si: 87,5% Non: 12,5% Outro: 0%	Si: 56,25% Non: 31,25% Outro (si/non): 12,5%	Si: 66,18% Non: 22,73% Outro (non, mal organizado todo): 9,09%
Pregunta 8: ¿Aconsellarías a un amigo/a que se matriculase no Grao en Química na USC?	Si: 62,5% Non: 25% Outro (non): 12,5%	Si: 62,5% Non: 37,5% Outro: 0%	Si: 43,75% Non: 37,5% Outro (si): 18,75%	Si: 52,38% Non: 42,86% Outro (non): 4,76%
Pregunta 9: Por favor, indicanos o máis positivo e o máis negativo da túa experiencia no Grao	Positivo: prácticas de laboratorio, profesorado, compañeiros. Negativo: mala organización dos horarios, profesores anticuados.	Positivo: saídas profesionais, QA. Negativo: QF-III, 2º cuatrimestre moi descompensado, mala organización do calendario de exames.	Positivo: prácticas, profesores, compañeiros, CIQUS. Negativo: mala organización dos horarios, demasiada carga de traballo teórico e pouca práctica, poucas clases en galego.	Positivo: profesores, compañeiros. Negativo: mala organización, moita teoría e pouco laboratorio, é imposible acabar a carreira en catro anos

O 86,36% está contento coa especialidade que elixiu (Pregunta 7A, solo para cuarto)